



ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MOS PARA REALIZAR A REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS, FASE 3, ACTUACIÓN 1: MUROS, MOS (PONTEVEDRA).

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Dona Nidia María Arévalo Gómez, con DNI 53172478C, en calidade de alcaldesa do Concello de Mos, con CIF P3603300I, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN

Primeiro: que con data 11 de xullo de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante CCLX) e o concello de Mos asinaron un convenio para realizar a rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos, Fase 6: Muros, Mos (Pontevedra) ao longo dos exercicios 2025 e 2026.

Segundo: Que a necesidade desta addenda é modificar as cláusulas segunda “Orzamento e financiamento”, oitava “Xustificación de fondos e pagamento” e décimo quinta “Vixencia do convenio”.

A addenda que se propón ten como obxecto axustar os importes das anualidades no convenio asinado pola CCLX e o concello de Mos. Esta modificación non supón unha alteración do importe total da subvención outorgada pola CCLX o concello de Mos.

Terceiro: O 21.10.2025 (núm. de entrada 2025/2908690) o Concello de Mos achegou a solicitude de prórroga da data límite de xustificación da anualidade 2025 xunto cun informe asinado polo arquitecto municipal, para cumprir co obxecto e finalidade do convenio.

Esta solicitude, segundo se indica no informe do arquitecto municipal, está baseada na demora do inicio da licitación das obras por parte do concello ata o momento en que recibiron a autorización do proxecto por parte da DXPC. O concello publicou o anuncio de licitación do contrato de obras o 9.09.2025. A día de hoxe está en marcha tanto o procedemento de contratación das obras como o da contratación do servizo de control arqueolóxico relacionado con estas.



Estiman que non se poderán iniciar as obras ata principios do mes de novembro de 2025. O prazo total das obras recollido no proxecto básico e de execución é de 4 meses. Para poder executar e xustificar o investimento previsto para o 2025 no convenio son necesarios 2 meses de execución de obra tal e como recolle a valoración do arquitecto municipal (novembro e decembro de 2025). Polo tanto solicitan a ampliación do prazo de xustificación da anualidade do 2025 ata o 30.12.2025.

Tendo en conta o anterior e tal e como está previsto na cláusula décimo quinta do convenio é preciso realizar unha modificación do prazo máximo para presentar a documentación xustificativa do investimento do ano 2025.

Aínda que o Concello de Mos solicita ampliar o prazo ata o 30.12.2025, debido a toda a tramitación de peche do exercicio que require da validación de varios órganos da Xunta de Galicia, estímase ampliar ata o **22.12.2025** e para a anualidade do 2026 establececese como data límite para xustificar o gasto o **30.11.2026**.

Asemade, á vista da natureza da obra e da súa programación estes servizos estiman que non sería viable executar máis de 50.000,00 € en 2025, polo que propónse tamén axustar as anualidades previstas no convenio segundo o seguinte cadro:

ANO	IMPORTE	%
2025	50.000,00 €	25
2026	150.000,00 €	75
TOTAL	200.000,00 €	100

Cuarto: Na cláusula décimo quinta – Vixencia do convenio

O prazo de vixencia que se propón para o convenio é desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e sen prexuízo da posibilidade de prórroga para o completo desenvolvemento dos seus fins, se fora preciso, nos termos e tendo en conta os límites regulados respecto da duración dos convenios, polo artigo 49,h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

*Propónse que o prazo máximo para a xustificación dos gastos realizados ao abeiro do mesmo remata o **22.12.2025** para a anualidade do 2025 e o **30.11.2026** para a anualidade do 2026.*

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, as partes **ACORDAN** celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

É preciso modificar as cláusulas segunda, oitava e décimo quinta do convenio de referencia:

Primeira. Obxecto.



O obxecto da presente addenda é modificar as cláusulas segunda (“Orzamento e financiamento”) pola necesidade de reaxustar as anualidades, oitava (“Xustificación de fondos e pagamento) e décimo quinta (“Vixencia do convenio”), xa que é preciso modificar os prazos de presentación da documentación xustificativa do Convenio suscrito en data 11 de xullo de 2025 entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Concello de Mos (Pontevedra).

Segunda. Modificación do convenio.

En primeiro lugar, para posibilitar un reaxuste económico das anualidades contempladas no convenio, modifícase a cláusula segunda do convenio (“Orzamento e financiamento”).

Así, **onde dí:**

“En calquera caso, a achega máxima da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 200.000,00 € distribuída en dúas anualidades (2025 e 2026) segundo o seguinte cadro, sendo a cargo do beneficiario calquera importe que supere a cantidade citada:”

ANO	IMPORTE	%
2025	100.000,00 €	50
2026	100.000,00 €	50
TOTAL	200.000,00 €	100

Debe dicir:

“En calquera caso, a achega máxima da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 200.000,00 € distribuída en dúas anualidades (2025 e 2026) segundo o seguinte cadro, sendo a cargo do beneficiario calquera importe que supere a cantidade citada:”

ANO	IMPORTE	%
2025	50.000,00 €	25
2026	150.000,00 €	75
TOTAL	200.000,00 €	100

Na mesma cláusula segunda, no penúltimo parágrafo, **onde dí:**

“Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso deberá xustificarse o gasto que corresponde a cada anualidade antes do 1 de decembro.”

Debe dicir:

“Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso deberá xustificarse o gasto que corresponde á anualidade do 2025 como data límite o 22.12.2025 e o gasto que corresponde á anualidade do 2026 como data límite o 30.11.2026”.



En segundo lugar, na cláusula Oitava do convenio (“Xustificación de fondos e pagamento”), indícanse as datas límite para a execución e xustificación das actuacións. Así, no seu punto 4., **onde dí:**

“4. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención remata o 30 de novembro de cada ano respectivamente”.

Debe dicir:

“4. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención rematan o 22.12.2025 para a anualidade do 2025 e o 30.11.2026 para a anualidade do 2026.”

En terceiro lugar, na cláusula Décimo Quinta (“Vixencia do convenio.”), é necesario modificar o seu último parágrafo. Así, **onde dí:**

“Entendendo que o prazo máximo para a xustificación dos gastos realizados ao abeiro do mesmo remata o 30 de novembro de cada ano respectivamente.”

Debe dicir:

“Entendendo que o prazo máximo para a xustificación dos gastos realizados ao abeiro do mesmo remata o 22.12.2025 para a anualidade do 2025 e o 30.11.2026 para a anualidade do 2026.”

Terceira: mantense a vixencia do resto das cláusulas do convenio. Esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable co seu mesmo réxime xurídico e surtirá efecto tras a súa sinatura por ámbalas dúas partes.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, constando como data de subscripción a correspondente a da última sinatura realizada.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

A alcaldesa de Mos

D. José Carlos López Campos

D^a. Nidia María Arévalo Gómez

